

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLLEMENTOS CIVÍS.

ÍNDICE

PREÁMBULO

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Acto de acollemento civil

Artigo 3. Réxime xurídico

Artigo 4. Requisitos para o acollemento e a súa inscrición

Artigo 5. Procedemento

Artigo 6. Organización do rexistro

Disposición adicional

Disposición derradeira

PREÁMBULO

O acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

Na cerimonia de acollemento Civil, a autoridade municipal recibirá ao neno ou nena como membro da comunidade política.

Con esta cerimonia preténdese iniciar aos nenos e nenas do municipio no longo camiño das actitudes cívicas, que lles conduzan a un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade, obxectivo que se manifesta no compromiso dos pais ou titores legais, xunto cos padriños, de educalos no devanditos principios e valores democráticos e nos seus dereitos e deberes como cidadáns.

Dita cerimonia non terá ningún valor máis alá do meramente simbólico e político non produce efectos legais nin presupón privilexio algún ou preferencia do neno ou nena acollido no acceso aos servizos municipais, no obstante, de dito acto quedará constancia no rexistro municipal de acollementos civís.

Artigo 1. Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente regulamento regular a celebración no Concello da Pastoriza dos denominados actos de acollemento civil, así como, crear un rexistro municipal de carácter administrativo para inscribir os acollementos civís previamente celebrados neste Concello.

Artigo 2. Acto de acollemento civil

O acto de acollemento civil é o acto polo que o Concello fai público un recoñecemento de acollida do neno/a que naceu e/ou vive na Pastoriza e se compromete , xunto coa súa familia, a velar pola súa educación de defender e garantir os seus dereitos.

No acto, que será presidido polo alcalde-presidente ou concelleiro/a na que se delegue, procederase á lectura aos nenos/as, e aos seus pais ou titores e padriños da declaración dos dereitos do neno proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 1386 (XIV), de 20 de novembro de 1959 e dos artigos 27.1, 27.2 e 39.4 da Constitución Española, sen prexuízo da posibilidade de que a autoridade ou as persoas solicitantes poidan elixir algún outro texto que lles pareza interesante para ler durante a cerimonia.

Así mesmo os pais ou titores formularán compromiso de educar ao neno/a segundo os principios democráticos que se recollen nos textos anteriores e nas demais normas vixentes no estado español, e no respecto aos seus dereitos e deberes como cidadáns.

Os pais poderán designar dúas persoas, como máximo, que actuarán como padriños na cerimonia, asumindo os mesmos compromisos que eles en canto á formación do neno/a nos principios e valores democráticos.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amigos do neno/a coas únicas limitación que impoña o aforo da sala ou espazo no que se realice a cerimonia.

Da celebración do acto de acollemento civil quedará constancia mediante a súa inscrición no rexistro municipal regulado nesta norma.

Artigo 3. Réxime xurídico

O acollemento civil non terá valor legal nin presupón ningún privilexio ou preferencia do neno/a no acceso dos distintos servizos municipais.

O rexistro municipal de acollemento civil ten natureza administrativa, réxese polas presentes normas, sen prexuízo de outras que se poidan ditar para o seu desenvolvemento.

A inscrición neste rexistro non terá en ningún caso a cualificación xurídica de acto, e unicamente será unha constatación administrativa das ceremonias de acollementos civís que se celebren no Concello da Pastoriza.

Artigo 4. Requisitos para o acollemento e a súa inscrición

4.1. Os acollementos e inscricións realizaranse previa solicitude dos pais ou titores, que deberán cumprir os requisitos seguintes:

- Que os inscritos sexan nenos/as ou mozos/as menores de idade.
- A condición de pais ou titores dos solicitantes.
- Que os solicitantes figuren empadroados no Concello da Pastoriza

4.2. O cumprimento dos requisitos anteriores quedará acreditado da seguinte maneira:

- Para os dous primeiros requisitos, coa presentación do DNI e do libro de familia ou documento equivalente de adopción, ou do documento acreditativo da titoría no que

conste a data de nacemento do acollido/a e o parentesco co que subscribe a solicitude. (certificación de nacemento do menor).

- Para o terceiro requisito cos certificados de empadramento dos pais/titores (ámbolos dous).

Artigo 5. Procedemento

A solicitude formalizarase mediante o modelo normalizado que figura como anexo I ao presente regulamento.

A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos aos que se refire o artigo 4.2 poderá presentarse con orixinais, copias auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente. O empadramento acreditarase de oficio polos servizos municipais.

A solicitude e documentación xustificativa dos requisitos de inscrición presentaranse no rexistro xeral do Concello.

Se a instancia non reunira todos os requisitos e documentación establecida no presente regulamento requiriráselles aos interesados para que no prazo de dez días emenden a falta ou acompañen a documentación preceptiva, indicándoselles que se non o fixeran teráselles por desistidos da súa petición, arquivándose sen máis trámites.

Se a documentación está completa tramitarase a petición e o concello comunicaralle no prazo dun mes ao solicitante o día e o lugar de celebración do acto e inscrición no rexistro

Artigo 6. Organización do rexistro

6.1 O rexistro municipal de acollementos civís estará a cargo da Secretaría Xeral do Concello.

6.2 O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal, constituído por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura da secretaría e de alcaldía. Ao comezo e ao fin do mesmo estenderanse as respectivas dilixencias de apertura e de peche.

6.3 O libro de rexistro municipal non ten carácter público, expedíndose certificacións dos seus asentos exclusivamente a instancia de calquera dos solicitantes (pais ou titores), dos inscritos, unha vez acadada a súa maioría de idade ou dos xuíces ou Tribunais de Xustiza.

6.4 O tratamento dos datos que constan no rexistro requirirá o consentimento expreso das persoas que ostenten a representación do menor ou deste unha vez alcanzada a maioría de idade, e en todo caso, as actuacións respectarán estritamente a Lei orgánica 15/99 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

6.5. Nos asentos do rexistro figurarán os seguintes datos:

- a) N^o de inscrición.
- b) Lugar e data de celebración da cerimonia.
- c) Respecto do menor acollido: Nome, apelidos, enderezo e data de nacemento.

d) Respecto dos pais ou titores: Nome, apelidos, enderezo e DNI.

e) Respecto dos padriños: Nome, apelidos, enderezo e DNI.

f) Lugar e data da inscrición.

6.6. Poderase crear libros auxiliares que sexan necesarios para o mellor funcionamento do rexistro.

Disposición adicional

Queda aprobado o modelo de solicitude que figura como anexo ao presente regulamento.

Disposición derradeira

Aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, o presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo do artigo 65.2 en relación co 70.2 ámbolos dous da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases sobre o réxime local.

A Pastoriza 7 de novembro de 2011

O alcalde

Primitivo Iglesias Sierra

ANEXO



CONCELLO DA PASTORIZA-

Praza de Galicia, 1 27287 – A Pastoriza
Teléfono 982 33 21 97 Fax: 982 33 22 33
Correo electrónico administracion@concellodapastoriza.es

SOLICITUDE DE ACOLEMENTO CIVIL E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLEMENTOS CIVIS.

DATOS DO/S SOLICITANTE/S DO ACOLEMENTO CIVIL (PAI/NAI OU TITOR)

D./D.^a:.....
DNI/NIE núm.....
D./D.^a:.....
DNI/NIE núm.....
Enderezo.....núm.....piso:.....
C.P.:.....Municipio:.....Provincia:.....
Teléfono(s):...../.....

DATOS DO/A ACOLLIDO/A

Nome e apelidos do neno.....
Data de nacemento:.....

EXPOÑO/EXPOÑEMOS

Que como pai/nai ou titor do/a menor desexamos celebrar unha cerimonia de acollemento civil no Concello da Pastoriza.

Que reunimos tódolos requisitos esixidos no artigo 4 do regulamento do rexistro de acollementos civís para cuxa xustificación se achega a seguinte documentación:

- Copia D.N.I dos pais ou titores
- Copia del libro de familia ou documento equivalente de adopción ou do documento acreditativo da titoría (certificación de nacemento do/a menor)
- Certificado de empadramento

En base o anterior SOLICITO/SOLICITAMOS celebrar o día.....(indicar o día en que desexa celebrar o acto) o acto de acollemento civil do/a menor....., e que unha vez celebrado se proceda a súa r inscrición no rexistro de acollementos civís do Concello da Pastoriza.

A Pastoriza,de.....de 20..

(Sinatura)
SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA PASTORIZA

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello da Pastoriza infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados os ficheiros do Concello, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello